

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Vicente Badenes Plá
Xosé Baamonde
Juan Corbacho Valencia
Ana Belén Fernández Souto
Oswaldo García Crespo
Beatriz Legerén
Jorge Lens Leiva
M^a Isabel Míguez
Diana Ramahí
Fortunato Rodríguez Fernández
José Rúas Araújo
Ana Suárez Mariño
Emma Torres Romay
Montse Vázquez Gestal

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Alberto Dafonte
David Formoso Vázquez
Román Pereiro Rodríguez-Lepina
Paulino Pérez Feijoo
Alberto Pena Rodríguez
Silvia García Mirón
Julinda Molaes
M^a Isabel Moreira Recamán
Javier Abuín

Acta da sesión extraordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 14 de maio de 2019, convocada para as 12:30 h en primeira convocatoria e ás 13.00 h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 14 de maio de 2019, ás 13:00 h deu comezo a sesión extraordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

Punto único: Aprobación, se procede, de modificación de POD 2019-2020

O director do Departamento procede á lectura da notificación da Vicerreitoría de ordenación académica e profesorado sobre o POD 2019-2020:

“Estimado/a director/a,

En relación coa proposta de POD para o curso 2019/20 aprobada polo Consello de Departamento, comunícolle o seguinte:

- a) Consello de Goberno de 20 de marzo de 2019 acordou delegar na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) a aprobación das propostas de POD recibidas do departamento e as saídas de prazas a concurso.
- b) A COAP, reunida o 7 de maio de 2019, analizou a proposta de POD para o curso 2019/20 do departamento que vostede dirixe.
- c) Despois de analizar toda a documentación recibida relativa ao POD, **a COAP acorda aprobar a proposta de POD enviada polo departamento e autorizar a saída a concurso das dúas prazas de Axudante Doutor solicitadas** que sairán cós criterios establecidos nas Medidas de Promoción para Profesorado Asociado Acreditado na Universidade de Vigo, ao ter o seu departamento dúas persoas admitidas.

Como estas prazas convocaranse en concursos posteriores, o departamento deberá cubrir a docencia con profesorado asociado ou profesorado contratado interino de substitución por un total de 360.

Solicítase ao departamento que reasigne a docencia afectada e envíe a esta vicerreitoría unha nova proposta de POD e a solicitude de novas prazas de profesorado asociado e/ou profesorado contratado interino de substitución, de selo caso, antes do **mércores, 15 de maio de 2019**.

Vigo, 8 de maio de 2019

Manuel Ramos Cabrer
Presidente da COAP”

Informa que hai una rectificación e son 420 horas vacantes na docencia que resultan da situación:

As dúas prazas de axudante doutor, teñen un total de 480 horas.

Ditas prazas sairán a concurso porque dous asociados cumpren os requisitos para o Plan de Promoción. Estes asociados teñen unha docencia xa asignada en POD de 180 horas cada un. Estas horas non se asignarían ás prazas de axudante e só deberían sumar 60 horas máis para chegar as 240.

Das prazas de axudante quedarían baleiras 360 horas (180 por praza). Estas prazas, probablemente, sairán a concurso no 2º cuatrimestre polo que só se lle poderán asignar 30 horas de docencia correspondente ao 2º cuatrimestre por praza. Polo tanto, quedarían baleiras as 360 horas máis 30 horas de cada praza o que fai un total de 420 horas que deben cubrirse con asociados.

A proposta do departamento sería a seguinte:

Dous asociados T3-P5 (150 horas) que corresponderían coas dúas materias completas que quedan sen asignar:

- Técnicas de propaganda política (150 horas): 50 HA+60HB+40 HC
- Avaliación da eficacia publicitaria (150 horas): 50HA+60HB+40HC

Un asociado T3-P4 (120 horas):

- Campañas de imaxe e relacións públicas (55 horas): 25 HA+30 HB
- Comunicación de crise (45 horas): 25HB+30HC
- Producción publicitaria nos medios audiovisuais (20 horas): 20HC

As prazas de Axudante Doutor terían a docencia seguinte:

- Axud. Dtr 1: - Teoría e práctica das RRPP (30 horas): 30 HC
- Axud. Dtr 2: - Teoría e técnica cinematográfica (15 horas): 5HA+10HB
- Teoría e práctica das RRPP (10 horas): 10 HC

Quedaría docencia vacante de Dirección de comunicación de 30 horas C que asume a profesora Montse Vázquez.

Prodúcese unha modificación na docencia da profesora Beatriz Legerén que ten unha folgora de 39 horas xa que aínda non se recolle o seu desconto como coordinadora do Grao de Comunicación Audiovisual, e diminúen as horas que o profesor Fortunato Rodríguez tiña de máis na materia de Comunicación audiovisual: xestión de proxectos audiovisuais e interactivos.

Os perfís das prazas sairán de tal xeito que teñan docencia todo o ano.
Lémbrase que hai unha praza T3-P6 que xa fora aprobada no Consello do 30 de abril.

Cómpre aprobar as comisións específicas de área encargadas de xulgar as catro prazas de asociado.
En total somos 21 profesores a tempo completo para constituír as comisións, así como profesores asociados que tamén poden estar segundo a súa dedicación.

Propónse que todo o profesorado estea de titular nunha praza e de suplente noutra para así poder repartir o traballo. O profesorado acepta a proposta.

A secretaria pregunta se hai algunha preferencia por estar nunha comisión determinada, no caso contrario irán completándose dende o departamento. A profesora Emma Torres manifesta o seu interese por participar na que ten o perfil de avaliación da eficacia publicitaria. A profesora M^a Isabel Míguez, o profesor Xosé Baamonde e o docente Juan Corbacho manifestan o seu interese por participar nas que teñan un perfil de relacións públicas.

O profesorado Fortunato Rodríguez, Beatriz Legerén, Oswaldo García, Jorge Lens e Diana Ramahí manifestan o seu interese por participar na que ten perfil de fotografía publicitaria entre outra docencia. A secretaria informa que completará co resto do profesorado a tempo completo as comisións e se acepta por parte do Consello.

Quedan os tribunais do seguinte xeito:

1.- Asociado A5: 150 horas

- Técnicas de propaganda política (75 horas): 25 HA+30HB+20HC
- Avaliación da eficacia publicitaria (75 horas): 25HA+ 30HB+20 HC

CEA 1. TITULARES (SUPLENTE DE CEA 2)

Presidente: José Rúas Araujo
Secretaria: Carmen López de Aguilera
Vocais: Alberto Pena Rodríguez
Xabier Martínez Rolán
Ana Amorós Pons

2.- Asociado A4: 120 horas

- Campañas de imaxe e relacións públicas (55 horas): 25HA+30HB
- Comunicación de crisis (45 horas): 25 HB+ 20 HC
- Producción publicitaria en medios audiovisuais (20 horas): 20 HC

CEA 2. TITULARES (SUPLENTE DE CEA 1)

Presidente: María Isabel Míguez
Secretario: Xosé Baamonde
Vocais: Juan Corbacho Valencia
Ana Belén Fernández Souto
Montse Vázquez Gestal

3.- Asociado A5: 150 horas

- Avaliación da eficacia publicitaria (75 horas): 25 HA+ 30HB+20 HC
- Técnicas de propaganda política (75 horas): 25 HA+30HB+20HC

CEA 3. TITULARES (SUPLENTE DE CEA 4)

Presidente: Emma Torres Romay
Secretaria: Silvia García Mirón
Vocais: Vicente Badenes
Pedro Pablo Gutiérrez González
Mónica Valderrama Santomé

4.- Asociado A6: 180 horas. Anual (Este é o que xa estaba aprobado)

- Teoría e práctica da comunicación publicitaria (100 horas): 60 HB+40HC
- Teoría e técnica da imaxe (25 horas): 15 HB+10HC
- Comunicación alternativa (25 horas): 25 HA
- Fotografía publicitaria (30 horas): 30 HC

CEA 4. TITULARES (SUPLENTE DE CEA 3)

Presidente: Fortunato Rodríguez Fernández
Secretaria: Beatriz Legerén
Vocais: Oswaldo García Crespo
Diana Ramahí
Jorge Lens Leiva

Sen máis intervencións, levántase a sesión ás 13:30 horas.

En Pontevedra, 14 de maio de 2019

O director

A secretaria do departamento

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal